

Acta núm. 06/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 05 de abril de 2022.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 05 de abril de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2022, DO 22.03.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).
- 6º) CORRECCIÓN DE ERROS.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2022, DO 22.03.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22.03.2022, acta núm. 05/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Javier Faustino Domínguez Díez, que di actuar en representación de ROSA MARÍA LORENZO CAÍNZOS, na que comunica que vai colocar un cartel publicitario indicador da situación dun negocio "Farmacia Avda. de Noia nº 12". O cartel vaise a instalar sobre a parcela urbana de referencia catastral nº 6947414NH2464N0001ZD. A parcela onde se pretende executar a obra aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por INÉS RIVAS CARREIRA, na que comunica que vai instalar un portalón de acceso a unha parcela sita en Coruxido nº 1, en contacto coa vía pública e sobre un peche xa existente; o portalón terá unhas dimensións de 7 mtrs. x 1,50 mtrs.

A parcela (7102612NH2470S0001GE) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O portalón deberá de afastarse a 4 metros do eixo do vial, tal e como se lle indicou na comunicación previa relativa á autorización para construír o muro de peche da parcela, (expte. 2021/U026/000068).

2º) Aprobado as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 84,21 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 148,78 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ BARREIRO PADÍN, na que comunica que vai realizar varias obras nunha vivenda sita no lugar de Espiñeiros nº 2 - Luaña, consistentes en obras de reforma na cociña e apertura de oco para porta de saída cara á horta. A parcela (9455503NH1495N0001AU), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobado as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL LAMEIRO SUÁREZ, na que comunica que vai realizar varias obras nunha vivenda sita no lugar de Goiáns nº3 – Cornanda, consistentes en limpar a tella, limpar canalóns e repoñer a tella danada.

A parcela (8042603NH1484S0001UJ) na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobado as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Leticia Fraga Domínguez, que di actuar en representación de MARTA MOREIRA VILAR, na que comunica que vai construír un peche de parcela no lugar de Guitiande nº 54- Os Ánxeles; o peche farase en fábrica, enfuscado e pintado en cor branca, ata unha altura total de 1,80 metros.

As obras a realizar atópanse dentro un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche deberá situarse a 6 metros do eixo do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 107,32 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 171,89 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Beca nº 6 (referencia catastral n.º 9810305NH2491S0001IT) - Bastavales, abrindo unha zanja de 22 metros de lonxitude e dunha sección de zanja de 0,40 m. de ancho x1 m. de profundidade, sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 08.03.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 266,35 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,51 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 100,08 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Pola alcaldía se retira o asunto da orde do día por advertirse erros nos informes que constan no expediente.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Lampón Mayán, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café- bar- restaurante (Casa Filiberto) sito na Avda. de Santa Minia nº 76 baixo, Brión.
A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Óscar Rodríguez López e preténdese poñer a nome de Francisco Lampón Mayán.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café -bar restaurante, sito na Avda. de Santa Minia nº 76 baixo a nome de Francisco Lampón Mayán, con NIF: ***6576**.

SEXTO.- CORRECCIÓN DE ERROS.

a) Detectouse un erro na concesión da licenza de obra menor para dar subministro de enerxía a unha estación de bombeo sita no lugar de Soigrexa, acometendo obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión mediante unha zanja de 0,40 x 0,80 metros de sección e 143



metros lineais de lonxitude, sobre camiño, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casáis Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña, de data 06.08.2021, outorgada a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A, pola Xunta de Goberno Local o 08/02/2022.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos: Onde di 143 metros lineais, debe dicir: 499 metros lineais.

b) Detectouse un erro na concesión da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Saime nº 28 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polos arquitectos María Cruz Lijó Pérez, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, que conta con visado colexial (nº 2106763), de data de 22.11.2021, e documentación posterior con datas de visado de 07.03.2022 e 10.03.2022, outorgada a JUAN MANUEL IGLESIAS DE LA IGLESIA pola Xunta de Goberno Local o 22/03/2022.

A vista dos informes favorables do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos: Onde di María Cruz Lijó Pérez, debe dicir: María Cruz Vigo Castro.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,12 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González